

Presentación do número

O turismo é un dos sectores económicos que máis ten crecido a nivel mundial; constitúe unha verdadeira industria que atrae divisas e inversions nun curto período de tempo, o que pode constituir unha oportunidade para o desenvolvemento sostible (mellora de infraestruturas, oportunidades de formación e emprego, valorización do propio etc.), ou ben, pode conllevar importantes desaxustes (impactos no medio natural, desculturización, movementos migratorios, os beneficios económicos fican deslocalizados etc.).

O turismo reproduce, e as veces afonda, as asimetrías existentes entre os países desenvolvidos (os que mandan viaxeiros polo mundo) e os que están en vías de selo (os que reciben as demandas e aos visitantes). Trátase dunha industria baseada no consumo (consumismo), que ten que lanzar ao mercado novos produtos, cada vez más desexables e exóticos.

Moitos dos efectos negativos do turismo (especialmente do de masas) teñen moito que ver coa actitude e comportamento das persoas que viaxan, razón pola que os programas de sensibilización e educación ambiental son más importantes que nunca, tanto para que a ciudadanía demande límites a un crecemento turístico depredador e globalizado, como para favorecer modelos de turismo respectuosos co medio ambiente e coas culturas locais.

Neste número presentamos unha serie de reflexións de carácter xeral que serven para encadrar estratexias educativas e de xestión de cara a un turismo sustentable, e tamén estudos e experiencias que ilustran que é posible promover outras formas de turismo a pequena escala, e baseado na singularidade do lugar; o que non quita que sexan necesarios cambios estructurais dun modelo de turismo hexemónico mundial de carácter neo-colonial.

Consello de Dirección



Camiño do río en Kuito (Bie-Angola)

© Xosé Manuel Malheiro

Angola (N'gola, título dos reis do Reino do Ndongo precolonial en idioma bantú,) é un estado da África subsahariana, unha república de corte presidencialista que non difire substancialmente do modelo sociopolítico e económico (pasado colonialista, inmensas riquezas naturais en mans de multinacionais estranxeiras, élites corruptas que controlan todos os resortes do poder, férreo control político e ausencia de liberdades fundamentais, fortes desigualdades sociais e febles espectativas de futuro para unha inmensa parte da poboación...), doutras rexións do norte de África actualmente en conflito.

Estas imaxes, malia seren tomadas en contextos hostís de escaseza e penuria material nuns casos, de desarraigo e marxinación noutros, de dificultades na meirande parte... reflecten a esperanza dunha sociedade que, logo de trinta anos de guerra civil nun contexto poscolonial, tenta recuperarse e chegar a ser... pese a coxuntura económica internacional, e ao xugo de organismos como o FMI ou o BM.